

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN 1ª AVALIACIÓN- 3º ESO

AS VITAMINAS

Neste proxecto de investigación vas aplicar o **método científico** que é o conxunto de pasos ordenados que serven para explicar fenómenos dunha forma segura, inequívoca. Os pasos do método científico son:

- **Observación:** observar un fenómeno.
- **Proposta do problema:** elaborar unha pregunta.
- **Hipóteses:** propoñer unha posible resposta ou explicación a dita pregunta, aínda sen demostrar. As hipóteses poden ser verdadeiras ou falsas.
- **Experimentación:** estudio experimental do fenómeno recollendo datos, organizándoos en táboas, gráficas, etc. que comprobar a hipótese.
- **Conclusión:** confirmar se a hipótese é verdadeira ou falsa.

O teu proxecto científico consiste nunha investigación sobre a vitamina que che tocou. Dito proxecto consta de 2 partes:

1ª parte. Completar a ficha do método científico (mira o exemplo elaborado pola profesora na aula virtual). Para iso escolle unha das seguintes enfermidades ou fenómenos biolóxicos que causa a avitaminose (carencia/deficiencia dunha vitamina):

- Beri – Beri: alteracións cardíacas e neurolóxicas
- Intensa dermatite e fotofobia
- Pelagra: dermatite, diarrea e demencia
- Insomnio, dor de cabeza e estómago, perda do apetito
- Caída de pelo e dermatite
- Anemia, fatiga, irritabilidade
- Anemia
- Anemia, alteracións graves nos tecidos epiteliais e conectivos, sangrado de enxivas
- Xeroftalmia (secura nos ollos) e cegueira nocturna
- Raquitismo en nenos. Osteomalacia e osteoporose en adultos
- Fraxilidade das membranas celulares
- Coagulación sanguínea deficiente, problemas de circulación, hematomas

2ª parte. Elabora individualmente un cartel, feito a man ou no ordenador usando a aplicación Canva ou Genially, **sobre a túa vitamina**. Recorda que un póster ou cartel é unha representación gráfica moi esquemática da información que queres exhibir. O contido do póster ten que incluír:

- Nome da vitamina (nun lugar chamativo, por ex. como título ou no centro do póster)
- Clasificación: indica se é unha vitamina hidrosoluble ou liposoluble.
- Imaxes ou debuxos feitos por ti de 4 alimentos nos que estea presente.
- Función principal, nalgúnhas vitaminas vai ser máis dunha.
- Nome, apelidos e curso do/a estudante nunha esquiniña.

Tanto para completar a ficha do método científico como o contido que debe incluír o póster, como bo/boa investigador/a tes que buscar información na rede (utiliza fontes fidedignas de información científica) e en libros.

Data límite para entregar o proxecto de investigación: **luns 11 de decembro 2023**

Recursos dixitais (fontes fiables de información alimentaria, medicina, etc.):

<https://medlineplus.gov/spanish/>

<https://badali.umh.es/busqueda-alimentos>

<https://www.cun.es/chequeos-salud/vida-sana/nutricion>

<https://ods.od.nih.gov/factsheets/list-all/>

Recursos dixitais para elaborar traballos en Lingua Galega:

<https://academia.gal/diccionario>

<https://tradutorgaio.xunta.gal/TradutorPublico/traducir/index>